



Rúa Gómez Ulla 7, 3º  
15702 Santiago de Compostela  
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274  
ceesg@colexioeducadores.com  
www.colexioeducadores.com

## ORIENTACIÓNS DA REFORMA UNIVERSITARIA CARA O NOVO TÍTULO DE GRADO EN EDUCACIÓN SOCIAL

Conseguir que o feito de ser Educador/a Social se converta nunha tarefa socialmente relevante e recoñecida é (e debe ser) un dos propósitos esenciais do CEESG. En parte, a consecución deste obxectivo pasa por dispoñer dunha formación inicial máis cualificada e mellor integrada nunha traxectoria de desenvolvemento profesional que proxecte ao longo de toda a vida.

Con ocasión do actual proceso de reformas universitarias, que representa unha extraordinaria oportunidade para avanzar neste sentido, o CEESG promoveu a realización dunha consulta colexial orientada a ofrecer propostas e recomendacións que axuden a mellorar o panorama formativo existente no Sistema Universitario de Galicia. En todo caso, recoñecendo a lexítima potestade das universidades para autodeterminar os seus propios destinos; aínda que sen deixar de apelar á vontade de diálogo e colaboración que debe prevalecer nas relacións institucionais.

Con estas anotacións previas, este informe presenta –de maneira telegráfica– un anticipo dos resultados derivados da antecedida consulta, ofrecendo un mellor coñecemento da situación para proceder á definición do futuro título de Grao en Educación Social; e, en último termo, para tratar de situar a profesión, e aos seus profesionais, á altura do que merece a sociedade galega do século XXI.

A tenor dos datos, cómpre sinalar que a metade dos/as titulados/as enquisados/as (53%) realizou ou está a realizar algunha outra titulación (de segundo ciclo, posgrao ou máster) relacionada coas Ciencias da Educación. A esta situación responde a necesidade de complementar a formación inicial adquirida con outras cualificacións e competencias que agranden o seu *saber* e *saber-facer*. Cando menos, así se pon de manifesto nas respostas que apuntan cara unha certa inadecuación entre a capacitación adquirida ao longo da Diplomatura e o desempeño profesional esixido no posto de traballo (cun valor medio de 2,68, nunha escala de 1 a 5).

Ante esta evidente demanda dunha máis que necesaria revisión da titulación, cabe preguntarse en qué aspectos debería mellorar a formación universitaria. Por esta orde, os máis destacados son: as prácticas profesionais, as metodoloxías docentes-discentes, as actividades de ensino-aprendizaxe, os recursos e materiais didácticos, os contidos e temarios, a organización académica do plan de estudos, a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e os servizos universitarios ao estudantado.

En paralelo, concretando o tipo de formación que se require para unha mellor competencia profesional, tres de cada catro titulados/as apuntan cara unha formación que outorgue unha prioridade preponderante á adquisición das bases metodolóxicas e técnicas da profesión. Neste mesmo sentido, dous terzos sinalan que a planificación da acción-intervención social tamén

debe prevalecer na formación do futuro. E, afondando na compoñente técnica e instrumental do labor profesional, case que seis de cada dez apuntan cara as competencias de dirección e xestión de institucións educativas.

Pola súa vez, resulta salientable que apenas un de cada catro dos/as titulados/as sitúe as bases humanas e sociais da profesión como unha das tres prioridades máis destacadas que deberá atender a formación. Nun lugar máis desfavorable se sitúan as dimensións éticas e deontolóxicas, que tan só consideran prioritarios un 13%. E aínda máis minoritarias son aquelas respostas que coinciden na necesidade de destacar os elementos teóricos e históricos, por moito que desta enquisa se infira a reivindicación de identidade e tradición como profesión educativa e social.

Ademais das sempre habituais referencias á necesidade de reconsiderar a formación práctica, incrementando significativamente o achegamento e a socialización do estudantado nun amplo tramado de profesionais e contextos do educativo e do social, cómpre sinalar que se demanda unha ampliación do número de colectivos sociais dos que se ocupa a titulación, anticipando a formación de profesionais na atención a determinadas realidades incipientes: minorías étnicas, toxicodependencias, marxinación, inadaptación e exclusión social, migracións, mediación e convivencia, dependencias, maltrato entre iguais, tecnoloxías da información e da comunicación, xerontoloxía, etc.

Asemade, en relación con outras das insuficiencias identificadas entre os contidos do aínda vixente plan de estudos, a maioría das persoas enquisadas manifestan a necesidade de tender cara unha maior especificidade na formación. Aquí, a ampliación do número de créditos que contemplará o novo título de Grao concíbese como a ocasión para concederlle o espazo debido tanto as prácticas como aos itinerarios especializados, con visitas de estudos, estadias en centros, entrevistas profesionais, prácticas en empresas, intercambios laborais, etc.

En síntese, requírese un título que capacite aos profesionais para ser quen de presentarse como oferentes de capacidade, en particular, alí onde as necesidades sociais emerxentes precisan de educadores e educadoras que se preocupen de mellorar as condicións de vida das persoas e dos pobos.

A tal fin, estas primeiras achegas do CEESG para orientar a inminente reforma do plan estudos, sitúan á profesión en situación de realizar propostas avaladas polos seus protagonistas; máxime cando o conxunto dos datos posibilitan outras vindeiras análises. Con este criterio, o CEESG elevará ante os responsables universitarios as propostas e recomendacións consonantes con as demandas identificadas polo colectivo profesional.

Pablo Montero Souto  
Vogal do CEESG

## ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Asistencia o día 4 de marzo á inauguración da exposición de pintura de Encarna Álvarez “*Mulleres con cargas*”, que organizou en Santiago o Colexio Oficial de Psicólogos con motivo do Día Internacional da Muller. Asistiu Paloma Seijo, Tesoureira do CEESG.
- Modificación do Regulamento de réxime interno para a confección de listas de educadores/as sociais peritos xudiciais. O novo regulamento pode consultarse na área privada para colexiados/as da páxina web do CEESG (sección avisos).
- Encontro, o día 13 de marzo, con D. Jesús Morán, Xefe da Área de Prevención, Reinserción e Coordinación da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias, para valorar unha posible colaboración con algunhas actividades do Plan formativo do CEESG. Asistiu Alfonso Tembrás, Vicepresidente do CEESG.
- Asistencia, o día 13 de marzo, á Mesa redonda *Encuentro “Mujeres emprendedoras gallegas y TIC en igualdad*, organizado por AGESTIC (Asociación Gallega de Empresas TIC). Asistiron Pilar Cañas e Sofía Riveiro, Vogais do CEESG.
- Asistencia, o día 13 de marzo, á presentación do “*Manifiesto por unha sociedade plural, unha convivencia intercultural*”, que tivo lugar en Santiago de Compostela, convocado polo Secretariado Xitano e a Plataforma polo emprego. Asistiu Alfonso Tembrás, Vicepresidente do CEESG.
- Envío de aportacións ao Anteproxecto de Lei Integral en materia de Drogodependencias e Outras Adicións.
- Sentencia desestimatoria do Recurso Contencioso administrativo contra as bases de contratación dun técnico en marketing social do Consorcio As Mariñas, co que se solicitaba a admisión de educadores/as sociais no proceso selectivo.
- Escrito ao Concello de Vigo en relación coas bases para a selección de persoal para o desenvolvemento da oficina de información e atención específica a emigrantes, polas que se convocaba a contratación de 1 avogado/a, 2 traballadores/as sociais e 1 auxiliar administrativo para a oficina do inmigrante. O obxectivo da carta é informar sobre o papel que podería desenvolver un educador/a social nese recurso.
- Recurso de reposición ao Concello de Vigo, contra as bases para a contratación do equipo do plan de inclusión-ano 2008, publicadas na páxina web do Concello o día 7 de marzo de 2008, e polas que se convocaba a contratación de 1 educador/a social (entre outros). Solicítase a admisión de habilitados polo CEESG no proceso selectivo.
- Recurso de reposición ao Concello de Vilanova de Arousa, contra a convocatoria e bases do proceso selectivo para a cobertura de 13 postos de traballo incluídos na oferta pública de emprego do ano 2007, publicadas no BOP de Pontevedra nº 44 de 3 de marzo de 2008. Solicítase a admisión de habilitados polo CEESG nos procesos selectivos correspondentes ás prazas de Orientador/a laboral e Educador/a familiar.

## NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- Revista “UDP” Nº 221. Marzo 2008. Unión Democrática de Pensionistas.
- “Integración y ciudadanía. Guía para aplicar la perspectiva de la gestión de la diversidad a los procesos de integración en el ámbito municipal” Ayuntamiento de Parla. Concejalía de Bienestar Social. Área Social.
- *Conversascon*: Xunta de Galicia.
- FERREIRO DÍAZ, L. (coord.) (2007): *Coeducación Afectivo-Emocional e Sexual. Fundamentos para un modelo de intervención en educación infantil e primaria*. Xunta de Galicia.
- Boletín informativo “CEOMA” Nº 14. Confederación Española de Organizaciones de Mayores.
- Xornal “Entre Mayores. Hablamos de ti”. Nº 77. Marzo 2008.
- AA.VV. (2003): *Programa preventivo para mayores. “La salud no tiene edad”*. Ayuntamiento de Madrid. Área de Salud y Consumo. Fundación Pfizer.
- DÍAZ MÉNDEZ, C. e GÓMEZ BENITO, C. (coords.) (2008): *Alimentación, consumo y salud*. Fundación La Caixa.
- Revista “Interea visual” Nº 10. Deputación da Coruña.
- Revista “Perfiles. Revista general de política social” Nº 239. ONCE.
- Revista “En la calle. Revista sobre situaciones de riesgo social” Nº 9. Xaneiro-Abril 2008. Fundación Juan Soñador.
- Xornal “Infoxove” Nº 23. Marzo 2008. Xunta de Galicia.
- *Memoria 2006*. Red Aragonesa de Entidades Sociales para la Inclusión.
- Boletín “CDD”. Centro de Documentación de Drogodependencias. Nº 148. Febreiro 2008.
- Revista “Sesenta y más” Nº 267. Xaneiro 2008. IMSERSO.
- *Claves sobre la pobreza y la exclusión social en España*. Fundación Luis Vives.
- *A poboación feminina reclusa nos establecementos penitenciarios de Galicia*. Xunta de Galicia. 1993.

## ARTIGO DE INTERESE: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O 8 de marzo celebrouse o Día Internacional da Muller con actos espallados por todo o país. A pesares de saber que os actos puntuais non son efectivos, senón meros recordatorios anecdóticos de escenas televisivas e instantáneas fotográficas, non queremos deixar pasar a ocasión de sumarnos a esta celebración e lembrar convosco algúns pasos que fomos dando na educación social.

Este día vense celebrando desde 1910, data na que, na II Conferencia Internacional Socialista, Clara Zetkin, líder do movemento alemán de mulleres socialistas, presentou a proposta de celebrar un Día Internacional da Muller Traballadora, baseándose na reivindicación do sufraxio feminino, entre outras reivindicacións. Pouco a pouco, e de xeito que o feminismo foi cobrando forza, o Día da Muller foi perdendo o seu carácter obreiro, pasando a ser unha xornada na que se reclaman os dereitos de todas as mulleres en todos os ámbitos.

Claramente, a educación social é unha profesión de predominio feminino. As mulleres somos unha grande maioría nesta profesión

e reivindicamos tamén ese recoñecemento profesional e ese espazo común; de aí que desde o colexio profesional se mudase o nome do mesmo, respectando o dereito de toda a cidadanía de ser valorada e recoñecida, pasando a chamarse Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. O próximo paso quizás sexa chegar a non celebrar ningún día adicado a ningún sexo en concreto. Daquela será porque demos chegado a entendernos como persoas, sen estereotipos de xénero nen outros prexuízos. “A historia ensinounos que os homes posuíron sempre todos os poderes concretos; desde os primeiros tempos do patriarcado xulgaron útil manter á muller nun estado de dependencia; deste xeito ela foi constituída como o Outro.” (1949, Simone de Beauvoir -O segundo sexo-) Xa non somos nen queremos ser o outro; somos persoas con identidade e nomes propios. Feliz Día Internacional da Muller.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADAS/OS

**PANEL DE DISCUSIÓN:  
EDUCACIÓN SOCIAL E XESTIÓN CULTURAL**

**Organiza:** Grupo de Tráballo de Xestión Cultural. CEESG.  
**Destinatarios:** Profesionais da Educación Social.  
**Lugar:** Centro Social Polivalente de Brión.  
 Avenida de Santa Minia, 46. (Pedrouzos-Brión)  
**Datas:** venres 9 de maio.  
**Prezo:** Colexiadas/os: 20 €. Non colexiadas/os: 50 €  
**Información:** CEESG.

**CURSO BÁSICO DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE**

**Lugar:** Casa da Cultura do Milladoiro (Ames)  
**Datas:** 2 e 3 de maio de 2008 (venres pola tarde e sábado mañá e tarde).  
**Prezo:** Colexiados/as: 40 €. Estudantes e persoas desempregadas: 50 €. Outros profesionais: 60 €.  
**Docente:** **Ernesto López Méndez.** Licenciado en Medicina. Especialista en Medicina Familiar y Comunitaria. Licenciado en Psicología. Master en Saúde Pública. Consultor de Calidade do Concello de Madrid. Autor de diversas publicacións relacionadas coa saúde, como *Educación para la salud: una estrategia para cambiar los estilos de vida* ou o *Manual del educador social*.  
**Información:** CEESG.

TODA A INFORMACIÓN SOBRE ESTAS ACTIVIDADES  
 IRASE ACTUALIZANDO EN  
[www.colexioeducadores.com](http://www.colexioeducadores.com)

**XORNADA SOBRE MEDIACIÓN**

**Organiza:** Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e Ilustre Colexio de Avogados de Santiago.  
**Destinatarios:** Profesionais colexiados/as pertencentes a algunha das entidades organizadoras.  
**Lugar:** Salón de actos do Colexio de Avogados.  
 Rúa Eduardo Pondal, 4, baixo. Santiago de Compostela.  
**Datas:** 17 e 18 de abril.  
**Docentes:** **Dna. Flor Hoyos Alarte.** Educadora Social. Mediadora. Codirectora e Docente no Diploma en Mediación en la Intervención Socioeducativa da Universitat de Valencia. **Dna. María Jesús Vieito Mayo.** Avogada. Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.  
**Prezo:** gratuíto (necesario enviar inscrición)  
**Información:** CEESG.

**3ª ESCOLA DE PRIMAVERA: Educación Social e cidadanía.  
Intervención na escola e na comunidade**

**Lugar:** Santiago de Compostela (Facultade de Ciencias da Educación - Campus Sur)  
**Datas:** 29 e 30 de maio.  
**Prezo:** colexiadas/os e estudantes: 15 €. Desempregadas/os: 20 €. Outros profesionais: 40 €.  
**Información:** CEESG.  
**AVISO:** Haberá un espazo no que se poderán presentar experiencias sobre Educación Social nos ámbitos escolar ou comunitario. As persoas interesadas en facelo deben contactar co colexio.

NOVAS DOS BOLETÍNS

**EMPREGO**

**Concello de Val do Dubra (A Coruña):** Anuncio das bases que rexerán a convocatoria para a provisión de varias prazas de persoal laboral fixo de consolidación de emprego temporal. Unha praza de Educador/a familiar. BOP de 13/03/08

**Concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra):** Bases do proceso selectivo para a cobertura de varios postos de traballo. Unha praza de orientador/a laboral, unha praza de educador/a familiar e unha praza de axente cultural. BOP de 03/03/08. Corrección de erros no 13/03/08

**Concello de Cerdedo (Pontevedra):** Anuncio da Oferta de Emprego Público 2008. Unha praza de Axente de emprego e desenvolvemento local. BOP de 18/03/08

**Concello de Laxe (A Coruña):** Bases para a provisión dunha praza de axente de emprego e desenvolvemento local. BOP de 22/03/08

**Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:** Anuncio polo que se fai público o acordo do comité directivo polo que se aproban as bases xerais do procedemento de elaboración de listaxes de espera para a contratación de persoal laboral temporal. DOG de 25/03/2008 e [www.igualdadebenestar.org](http://www.igualdadebenestar.org).

**Concello de Pontedeume (A Coruña):** Anuncio da Oferta de Emprego Público 2008. Unha praza de Animador/a sociocultural, unha praza de Educador/a social e unha praza de Orientador/a laboral. BOP de 27/03/08

**Concello de O Pino (A Coruña):** Anuncio da Oferta de Emprego Público 2008. Unha praza de Educador/a familiar e unha praza de Axente de emprego e desenvolvemento local. BOP de 29/03/08

**Concello de Pastoriza (Lugo):** Convocatoria para a selección e contratación temporal a tempo parcial dun Educador/a familiar e creación dunha bolsa de traballo. BOP de 29/03/08

**OUTROS**

**Ministerio de Tráballo e Asuntos Sociais:** Resolución pola que se convoca a concesión de subvencións na área de atención a maiores, durante o ano 2008. BOE de 06/03/08

**Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:** Resolución pola que se regula a concesión de subvencións a entidades municipais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria en Galicia. DOG de 12/03/08

**Consellería de Sanidade:** Decreto 41/2008 polo que se establecen os criterios básicos para a autorización dos programas e actividades de prevención de drogodependencias e se constitúe o Comité Técnico de Prevención de Drogodependencias da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG de 12/03/08

**Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:** Resolución pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de accións formativas ligadas á inserción laboral destinadas a persoas retornadas inmigrantes e se procede á súa convocatoria. DOG de 12/03/08

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca a concesión de bolsas para a formación de dinamizadoras e dinamizadores da igualdade en Galicia. DOG de 13/03/08

**Ministerio de Educación e Ciencia:** Orde pola que se convocan subvencións a entidades privadas sen fins de lucro para a realización de actividades de compensación de desigualdades en educación durante o curso escolar 2008-2009. BOE de 26/03/08

**Ministerio de Educación e Ciencia:** Orde pola que se convocan subvencións a entidades privadas sen fins de lucro para a realización de determinadas actuacións de compensación de desigualdades en educación no ámbito de xestión do Ministerio de Educación e Ciencia durante o curso 2008-2009. BOE de 26/03/08

**Ministerio de Tráballo e Asuntos Sociais:** Resolución pola que se convoca a concesión de subvencións na área de Servizos Sociais. BOE de 26/03/08

**Ministerio de Educación e Ciencia:** Orde pola que se convocan subvencións para a realización de proxectos ou actividades de fomento da educación e a cultura de paz. BOE de 26/03/08

**Deputación de Ourense:** Bases reguladoras da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións para proxectos de prestación de servizos sociais para o ano 2008. BOP de 27/03/08

**Ministerio de Tráballo e Asuntos Sociais:** Resolución pola que se convocan subvencións na área de atención a persoas con discapacidade. BOE de 29/03/08